



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ciencia política: Sistema político español

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Ciencia política:<br>Sistema político español                |        |       |              |
| Código                | P07G095V01104  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Dirección e Xestión Pública (Virtual)                |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | FB     | 1     | 1c           |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly<br>Castelán<br>Galego<br>Portugués          |        |       |              |
| Departamento          | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía |        |       |              |
| Coordinador/a         | López Mira, Álvaro Xosé                                      |        |       |              |
| Profesorado           | López Mira, Álvaro Xosé                                      |        |       |              |
| Correo-e              | almira@uvigo.gal   |        |       |              |
| Web                   |  |        |       |              |

**Descrición xeral** Estimadas/os estudantes:  
Trátase nesta materia de abordar cunha visión actualizada os diferentes elementos históricos, xurídicos, sociais, políticos, electorais... que conforman o deseño e funcionamento do sistema político no que estamos simultaneamente imbricados como cidadáns e estudantes universitarios. Dada a extensión e complexidade dos temas a tratar, fácil resultará entender, que precisamos facer un compendio moi estricto dos mesmos no periplo académico desta asignatura. Esa é tamén unha das razóns que aconsella un diferente espazo de tratamento de cada un dos temas.  
O/a estudante desta disciplina a pode caer na tentación de que resulta doado asimilala xa que todo o nela tratado sóalle máis ou menos próximo, ben polos seus coñecementos previos, ben polo tratamento informativo das axendas mediáticas do país que inclúen sempre algún dos elementos incluídos no programa. Sería, na maior parte dos casos, un craso erro que cómpre evitar. Non se pense tampouco que pode haber solapamento de contidos con algunha materia xa estudada; non é así porque a Ciencia Política é a ciencia do realismo e, polo tanto, vai máis alá das aparencias ou do ilusorio normativismo xa que pode demostrar como detrás dun fermoso marco xurídico, mesmo constitucional, poden imperar a corrupción, o nepotismo ou o mero incumprimento. Velái polo que os nosos obxectivos son moi ambiciosos: porque aspiran a explicar como funciona na realidade o noso modelo político nas tres partes en que vén dividida a materia.  
A información básica sobre a materia atópase nesta Guía docente da materia e na plataforma Moovi da Universidade de Vigo. Ademais infórmovos que teremos titorías presencias ou virtuais segundo as circunstancias, respectivamente, no despacho 224 da Facultade de Dirección e Xestión Pública ou no teléfono 986801981, no campus remoto da citada plataforma e no e-mail almira@uvigo.gal  
Agardo que a materia sexa do voso interese e vos proporcione ferramentas analíticas útiles para interpretar a complexa realidade político-social na que nos tocou en sorte vivir. Contade comigo para axudarvos neste propósito sempre que o precisedes.

Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| A1     | Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos |
| A2     | Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo             |

|    |   |
|----|---|
| A3 | Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| A4 | Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado   |
| A5 | Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía   |
| B1 | Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo  |
| B2 | Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima   |
| B3 | Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares   |
| B4 | Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público  |
| B5 | Razoar criticamente   |
| C2 | Recoñecer a estrutura e o funcionamento dos sistemas políticos e das institucións políticas   |
| C3 | Identificar os fundamentos da política comparada nun contexto de globalización  |
| D1 | Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria                                       |
| D2 | Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira  |
| D3 | Sensibilizarse con temas medioambientais  |
| D5 | Integrar a aprendizaxe autónoma   |
| D6 | Adaptarse a novas situacións  |

### Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                      |          |                      |
|--|---------------------------------------|----------------------|----------|----------------------|
| Describir os trazos esenciais da historia política, institucións e actores políticos do sistema político español       | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5            | B1<br>B3<br>B5       | C2<br>C3 | D5                   |
| Reproducir os distintos aspectos dos contidos incluídos na materia   | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5            | B1<br>B2<br>B3<br>B5 | C2<br>C3 | D5                   |
| Interpretar, con certas doses de pensamento crítico, o funcionamento real do sistema político español                  | A3<br>A4<br>A5                        | B1<br>B2<br>B4<br>B5 | C2       | D1<br>D3<br>D5<br>D6 |
| Comprometerse, con vocación de servizo público, cos valores propios dunha sociedade cunha cultura política democrática | A3                                    | B2<br>B3<br>B4       | C3       | D1<br>D2<br>D3<br>D6 |

### Contidos

#### Tema

|  |  |
|--|--|
| A historia política española. Institucións estatais. | 1.- A formación do sistema político español                    |
| A dinámica política española                         | 2.- Trazos políticos xerais da Constitución de 1978            |
|  | 3.- A monarquía republicana do actual sistema político español |
|  | 4.- O poder lexislativo: as Cortes Xerais                      |
|  | 5.- O poder executivo: o Goberno                               |
|  | 6.- O poder xudicial: a Xudicatura                             |
|  | 7.- Outras institucións públicas relevantes do Estado español  |
|  | 8.- A irreformabilidade constitucional española                |
|  | 9.- Gobernos autonómicos e gobernos locais (unha introdución)  |
|  | 10.- Partidos e sistemas de partidos españois                  |
|  | 11.- Os grupos de presión españois                             |
|  | 12.- Os sistemas electorais en España                          |
|  | 13.- A política exterior española                              |

### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Foros de discusión                        | 14            | 23                 | 37           |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0             | 45                 | 45           |
| Lección maxistral                         | 0             | 61                 | 61           |
| Saídas de estudo                          | 0             | 2                  | 2            |
| Exame de preguntas de desenvolvemento     | 0             | 2                  | 2            |
| Resolución de problemas e/ou exercicios   | 0             | 3                  | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| <b>Metodoloxía docente</b>                |   |
|---|---|
|   | Descrición  |
| Foros de discusión                        | Actividades desenvolvidas nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.                                 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. |
| Lección maxistral                         | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.    |
| Saídas de estudo                          | Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo. Esta actividade ten carácter voluntario.                             |

| <b>Atención personalizada</b>             |   |
|---|---|
| <b>Metodoloxías</b>                       | <b>Descrición</b>   |
| Lección maxistral                         | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.        |
| Foros de discusión                        | Actividades desenvolvidas nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.                                     |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.     |
| Saídas de estudo                          | Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo.  |
| <b>Probas</b>                             | <b>Descrición</b>   |
| Exame de preguntas de desenvolvemento     | Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios   | Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.  |

| <b>Avaliación</b>                       |   |               |                                       |                            |          |                            |
|---|---|---------------|---------------------------------------|----------------------------|----------|----------------------------|
|   | Descrición  | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                            |          |                            |
| Foros de discusión                      | Actividades desenvolvidas nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.                                     | 25            | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5            | B1<br>B4<br>B5             | C2<br>C3 | D1<br>D2<br>D3<br>D5<br>D6 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento   | Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. | 40            | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5            | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5 | C2<br>C3 | D1<br>D2<br>D3<br>D5<br>D6 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.  | 35            | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5            | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5 | C2<br>C3 | D1<br>D2<br>D3<br>D5<br>D6 |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Os debates terán carácter voluntario.

Os criterios de avaliación serán idénticos para as dúas probas/convocatorias do curso.

O exame de preguntas de desenvolvemento poderá optar por modalidade escrita ou por modalidade oral.

O estudantado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado poderá elixir AG segundo o

procedemento e o prazo establecido pola Facultade. A elección de AG suporá a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveran realizadas.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Álvaro Xosé López Mira, **Sistema político español**, Andavira, 2020

#### **Bibliografía Complementaria**

Álvaro Xosé López Mira, **El sistema político español. Historia, instituciones, dinámicas**, Universidade de Vigo, 2023

Paloma Román (coord.), **Sistema político español**, 2ª,

Manuel Alcántara-Antonia Martínez (eds.), **Política y Gobierno en España**, 2ª,

Antonio Torres del Moral, **Constitucionalismo histórico español**, 6ª,

Reniu, Josep Mª (ed.), **Sistema político español**, 2012

Magone, José, **Contemporary Spanish politics**, Routledge, 2018

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispor dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamento é necesario para o exercicio do poder públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---